

Dirección e Administración:

BELGRANO 2157

U. T. 47. Cuyo 9111

Abonamento:

\$ 1.50 seis mese. \$ 3.— un ano

CORREO ARGENTINO  
TARIFA REDUCIDA  
CONCESION 1198

# A. FOUCE

## PERIÓDICO GALEGO

ANO IV.

BOS AIRES, 15 MAIO 1933

Núm. 90

### Verbás n'un Centenario

Quere o acaso ou o siño d-a nosa terra, que hoxe que some-lla espertar verdadeiramente, se cumpr-un século do nacemento de Murguía.

Temos n-esta ocasión de rexurdimento d-a Patrea, un motivo mais de comunión co-ila. O sentimento nazonal, xurde oxe en Galixa c-un moimento tan profundamente galego, o tempo que, si os precursores poden velo, han estar satisfeitos d-a laboura reaizada e d-a inquedaanza que co-ila non legaron.

Por iso, Murguía como tantos outros que percorreron o seu mesmo camiño, non é soilo pra nós o home de letras, e algo mais; é o creador d-a inquedaanza nazonal galega, é a estela que asenala novas vereas sentimentaes n-a vida d-un pobo.

Creando a nosa hestória, descubrindonos os vaores e as loitas esprituas do noso pasado, espertounos o anxeio d-un porvir glorioso, que diño cando menos d-aquil.

D-aquela Murguía vén a ser pr-a nós que temos posto o noso amor n-a Terra, e o noso esforzo n-o conqwerimento d-a

sua liberdade e d-a sua grandeza, é pra nós, dicimos, mais que unha gloria d-as letras galegas, un símbolo d-a nosa liberdade.

Como il, Pondal, Brañas, Feraldo, Rosalía, Añón; Curros, Lamas Carbajal e outros, á medida que o tempo vai nos alexando mais s-adentran n-a nosa conciencia, pra perder pouco á pouco a sensazón de persoalidade e converterse en formas de pensamento.

Por iso, cando oxe falamos d-os pr-xcursores d-o galeguismo, o xuizo non se dirixe cara a laboura feita como tal, si non, a emozón e o sentimento que a'creou. E por ser ila sentida con fondura e por haber xurdido d-unha necesidade, e d-un delor d-o pobo, é que o pobo garda a sua devozón e a sua agarimosa lembranzas pr-a iles.

Cando un pobo vive escravo e submetido pol-a perda de moitos dereitos, percisa pra sacodilo, que xurda unha voz xusticieira que lle faga espertar a conciencia d-as suas responsabilidades. E' perciso que lle faga comprender que d-o seu proceder, dependerá o ben ou malestar d-os que virán logo. E cando n-un pobo se chega á faguer carne isa verdade, ise pobo está salvado.

Isa é a razón pol-a que coidamos que xa Galiza tén na man o instrumento d-a sua liberazón, por que non caiu en ermo a semente qu-espallaron os precursores. As vibrazóns do seu pensamento, siguen percorrendo todol-os vieiros faguendo xermolar n-a conciencia de moitos un anxeio de liberdade.

Vivimos oxe n-un momento en que o mundo s-axita en concociós de profundos troques. Os que temos a sorte de vivir n-unha d-estas épocas vértices d-a historia atopamos moitos motivos de refrexión e debemos ollar moi lonxe en ambas direuciós, pra recoller n-estes instantes as ensinanzas que nos permitan formar o porvir.

Como galegos que temos a nosa fé posta n-a lumiosa verdade do rexurdir de Galiza, vivimos atentos e ledos, vendo que, o anuncio libertario d-os precursores, era mais c-un anxeio, a visión crara e difiñida d-a Galiza que logo ha de ser.

### Lembranzas... etc.

Van pasados moitos meses pero nós lembramos que estivo n-esta cidade o deputado por Casares Quiroga, bô médico e mal galego, Novoa Santos.

E lembrámosnos que d-aquela, había na Federación de Sociedades Gallegas da rúa Belgrano, unha cousa que se chamaba «Lembranzas d-Ultreya».

E que os lembranceiros estos, orgaizaron unha festa en honor do desleigado Novoa Santos.

E que invocaron indebidamente o nome do «Seminario d-Estudios Galegos».

E que dimpois de pasados quatro meses, xinaron ao tal Novoa Santos \$ 388.35 «quen fixo entre-

ga d-eles, na forma acordada» («Galicia» do 22 de Xaneiro do 1933).

Lembrámosnos de todas estas cousas, porque os lembranceiros parecen deslebrados, e aínda non se sabe a quen foron entregados eses pesos.

E como nós somos tan curiosos, quixéramos que os lembranceiros ou o moi «hespañista» Novoa Santos, nos dixeran o fin que tiveron os pesos, porque, francamente, este choio non nos cheira a nada bô.

### Un home

Alvaro de las Casas afirma con élitos e con feitos a sua galeguidade.

Na conferencia pronunciada en Compostela, da qual se ocupa n-este número o noso colaborador Francisco F. del Riego, o valente e diño director do instituto de Noia, non pide, como tantos outros, que se lle perdoe a sua galeguidade. Afirma por riba de todo os dereitos de Galiza sin facer as cobardes protestas de hespañolidade que tan indinias resultan nos beizos de homes que se din nazonalistas galegos.

A FOUCE adhírese ás moitas mostras de simpatía que Alvaro de las Casas está recibindo e agarda d'él aínda moito mais.

Agardamos d'él, e temos fé na mocidade que o acompaña.

Galiza necesita homes ergueitos e verídicos, que conquiran a confianza do pobo.

Alvaro de las Casas que xa conta co adhesión dos estudantes está no camiño xusto pra conqwerir a vountade popular.

=====

### DETRAEDORES DA NOSA RAZA

Todo ser de láia hunná, que non esprinta en sí ningún anoto de magoamento, por calquera aciós, d'atropelo de que está sendo ou-xeto, por parte d'outro ser semellante, manifesta co'elo, ser un exemplar d'esprito adormentado, fallo de sangue de varilidade, carecente en ausoluto de filancia e desposuido de bens de dinidade; o que en síntese, equivale a dicir, que é un probe ser sumamente aballe; cuia deformidade alumña fondo noxo á todo ser de perfeita liñaxe; non servindo namáis que pra granxear desprestixio ao sector colectivo á que él pertence, e acarrexar séreos perxuicios á sã orgaización da Sociedade.

Por esventura no seo da nosa

colectividade, campea unha ampla contía d'estes dexérados exemprares, os coaes veñen detraendo a bñaríza da nosa raza.

Ouservan os crudeles atropelos, as criminosas arbitrariedades, que có pobo galego se veñen comendo por parte da Hespaña, reciben en carne propia aldraxes sen conta, e nin siquiera se ollan reaxir o máis memiño.

Tripáronnos despidosamente a nosa soberanía, ata chegar á deixarnos esmagadas todal-as nosas libertades:

Cortáronnos as azas da nosa cultura, privándonos do cultivo do noso linguaxe autótono; declaráronnos branco dos máis aspros e negros adxetivos e pintáronnos



## A PRENSA DE GALIZA

nos xornaes, revistas e mormente na escea, d'un ton en extremo vergoñoso. A nosa economía convertérona n-un 'cadro angurioso, pón-do entres as portas das nosas industrias, pechándolles as portas dos nosos mercados aos produtos estranxeiros con impostos esaxerados, e obrigándonos á consomilos das demais rexións da Península ao prezo que se lles antoxe. E como dobre abuso temolo caso do trigo que nos vén de Castela: Ademais de dárnolo á un prezo «salgado» temos por forza que lle acetal-a faríña; pois o mesmo tonelaxe en grao, cóstanos máis caro, cando elo debía ser moito máis barato. Esta irregularidade é, pra que o produto que deixa o moelo, lles fiquen tamén na propia casa. Despois, enriba, ¡veña aburarnos con trabucos! tendo que, pra poder satisfacelos, irmos «sachal-os» cartos á outras terras.

Mais hai galegos tan miserábeis d'esprito, que todas estas inxusticias contémporan con ausoluta tranquilidade; pra eles é coma se tal realidade non existira. Se dan sinais de se acharen vivos, sempre é pra desgabar e combater con paradóxicas argumentacións, aos que, sensíbelis aos supricios en que teñen sometida a Galiza, reaccionamos en prol da rei-

A misión da prensa d'un povo, é, debía de ser, defender afuzadamente os seus intereses, facerse intérprete do sentir popular, orientalo cando ese povo non s-atopa a sí mesmo e finalmente conduci-lo incruzo a rebelión cando é aldraxado e exprotado por poderes estranxeiros, como no caso de Galiza.

¿Cumpre siquera en parte a prensa galega ise cometido?

Hai algunha excepción que poida que a cumpra, inda que en moi mínima parte, mais a maoría das publicacións editadas en Galiza, son sinxelamente noxentas; os seus redatores e inspiradores son os eternos «imbéciles e escuros» constituídos en lacaios da chulería hespañolista.

A estos imbeciles xa vai sendo hora de os facer calar, pero facelos calar de vez.

Dende que na Hespaña foi instaurada a república, comenzo a aparecer na nosa Terra unha serie de xornaliños que, responden o criterio pechado que teñen os partidos hespañoles do problema independentista galego. Ningún deles sirve siquera pro mester máis baixo que se da os papeis.

Entre todo ese feixe de prensa execrábel, destácase pol-o estúpido

sendo unha colonia dos hespañoles?

Porque xa chegou a hora, valentes mozos da miña patria escravizada, que sobran as razóns e compren os puños. Cando lle fendamos a cachola a dez ou vinte d'ises traficantes da nosa honra e da nosa liberdade, Galiza comen-zará a verse libre de desleigados e treidores.

Temos qu'impedir que circule ceibemente esa prensa maldita e podre; hai qu'ir ás imprentas onde s-editan a facer unha boa fogarata co-ela e asaltar as redaccións e esnaquizar todo.

Non podemos ter dó de quen

non-o ten con nos e trata por todolos meios de anular a nosa persoalidade nacional, e de facernos seguir dependendo d'un povo despota que só nos rouba e aldraxa.

Compre crear en Galiza unha organización de mozos decididos a matar ou morrer pol-a patria, pol-o xeito da «Noven Bosnia» creada por Wiada Gatchinovich e Garri-lo Princip, estudantes e menores de vinte anos, onde non teñan caibida os apoucados e probes d'esprito. Pra esa organización non se precisan moitos; abundan poucos e decididos, moi decididos, porque ¿qu'importa a morte cando se loita por un ideal?

Bieito Fernández

=====

## TINTA FRESCA

**NOS**, número 109. Este boletín da cultura galega, que acaba de chegar trae o seguinte sumario:

«Da Tua Saudade», poema por Augusto María Casas; «Encol do nome de Martín Codax», por Armando Cotarelo Valledor; «O botafumeiro da catedral compostelán», por Xesús Carro García; «Miscelánea»; «Arquivo Filolóxico e Etnográfico da Galiza»; «Os homes, os feitos, as verbas»; pol-a Redacción.

leirías cruñesas en Sobrado»; por Antonio A. Rey Escariz. Trae, ademais, en láminas aparte, os retratos de Carré Aldao, don Amador Montenegro Saavedra e o do Marqués de Figueroa, finados tamén estes dous derradeiros en Setembro e Novembro respectivamente.

Chegaron tamén: **Tierra Gallega**, xornal do Casares Quiroga.

vindicación da dinidade do seu santo nome, e das suas sagras libertades.

¿A qué se debe a desleigada actitude d'esta xente celobre? Elo é froito d'unha monstrosa ñoranza que os tén solvidos. Teñen forxado no seu maxín ao respecto da raza galega, un complexo d'inferioridade, e que sómente vivindo á sôma da Hespaña poderá reflexar algunha brillanteza. ¡E vaia grossa asneira!

Pois os galegos, non precisamos vivir sumados aos casteláns, pra sermos xulgados, algarismos compoñentes d'un eisaltado total de raza. O análise da nosa historia, e mail-o haber das nosas actividades en todolos ordes, dinos pois; que nada temos que envexar á cantas razas compoñen a poboación, do inmenso ámeto da terra.

Os froitos das privilexiadas virtudes, que a Natureza outorgou á nosa castimonia Celta, poderán ser apercibidos por enteiro, cando cheguemos á ver resgatadas as nosas libertades; máis mentres tal gloria non soceda, marcharemos ao rabo das ringlas do progreso, pingando miseria e recibindo máis aldraxes que mouros.

Ricardo Flores

do e atrevido un periódico editado en Pontevedra que responde á cerril ideoloxía do desleigado e delincuente máximo-Emiliano Iglesias, que hoxe goza de liberdade gracias a benevolencia de Canalexas e ás claudicacións súas e do seu xefe, Lerroux. Do contrario hoxe estarían os dous na cárcel por apoderarse do alleo.

¿Cómo é posíbel que na bela e fidalga cibdade de Pontevedra, non haxa unha ducia de mozos que sexan capaces de coller unha moxa e fenderlle a testa a todos ises cretins que, queren que Galiza siga

**Logos**, número 23, boletín católico, escrito en galego, con traballos de outo intrés.

**Portucale**, número 30, com-a decote chea de bon material de lectura.

**Boletín da Academia Galega**, número 246 correspondente ao mes de Febreiro; «Letras de loito», artigo adicado ao finado don Uxío Carré Aldao, por Eladio Rodríguez González; «O castro de Barán» (con sete grabados) por Manoel Vázquez Seijas; «A Teoloxía nos Seminarios da Galiza», por V. Beltrán de Heredia; «As mante-

**Galicia Radical**, periódico anti-galego que se publica en Pontevedra e responde aos propósitos políticos de Lerroux. E ésta folha un producto noxento que manda a Galiza a vergoñenta política hespañola, co-as suas pretensións absurdas de ternos decote escravizados.

**Ecos de Portugal**. Vai xa no número 9 este simpático e belido semanceiro que se publica n-esta cibdade. Ben presentado e cheas as suas dezaseis páxinas de material cultural e noticioso, decote recibimos con ledicia a visita da nova publicación chamada a ter os maores eisitos antre a colectividade portuguesa.

## NOS

Boletín mensual da cultura galega.

Direitor Literario: **Vicente Risco**.

Direitor artístico: **Alfonso R. Castelao**.

Dirección e Redacción: Sto. Domingo, 47 - Ourense.

Administración: Linares Rivas, 50 - A Cruña.

Abonamento:  
Doce números, na Península ... .. 6 pts.  
Fora da Península ... 8 »  
Número solto ... .. 0.70 »

## MANUEL CAMPOS

Representante exclusivo das marcas

HABANOS LAS PERLAS - CIGARRILLOS CLOWN - TABACO DILL. BEST - CIGARRILLOS EGIPCOS «KING GEORGE» (Alejandría)

TABACOS E CIGARRILLOS

De Gallaher, Ltda. - Biefast y Londres, Rotary Gold Bond Colombine, Par Drive - Two Flakes

276 - SAN MARTÍN - 276

BUENOS AIRES



## EXCRAVITUDES

## Pol-a Universidade Nacional

Pra A FOUCE

Rematamos de aturar, os nacionalistas galegos, un novo aldraxe por banda da colonia castelán que dentro da nosa Universidade sigue informando con un espírito alleo, o que debe ser patrimonio único i excrusivo da cultura e da lingua nacionais.

Un fato de estudantes que traballa incansamente pra sinalar roteiros novos ó noso insiño. Os mesmos que levaron o propio idioma as suas xuntas profesionás. Os que conqueriron da masa o asentimento a galeguización da Universidade por iles propugnada. I editaron unha revista, metade escrita en galego e con marcada orientación galeguista, son hoxe os que teñen a simpatía unánime dos escolares na laboura a realizar. E a reaición, nada á quentura do perseguimento con que o espírito castelán nun afán de coloniaxe mal entendido, trata de pôr ribeiras a un movemento que xurde con fitos de epopeia, n-istes intré de historia e de revelación.

Alvaro de las Casas, leeder separatista que conta coa simpatía da mocidade, foi invitado pol-a

versidade galega, glosando principios afirmados en días anteriores. E cando os cadeirádegos numerarios, saíron a rúa en difuso e longo manifesto. a tratar de disculpar a súa aitude, nós comenzá-bamos a xeira de diñificación que estoiraba n-aquil intre marcándonos roitas que xa tiñan de estar percorridas.

Agora imos a ir os estudantes nacionalistas composteláns a toda-

las cibdades de Galiza, predicando a boa nova de galeguización do insiño. Imos a ir a onde haxa escolas, Istitutos e Normás, a erguer a conciencia do estudante. Imos facer ollar a necesidade de naltecer a nosa cultura e diñificar a propia lingua, esixindo a súa oficialidade. A demostrar que compre que estudemos galegamente o universo, empregando os propios estormentos, meiante a comreta galeguización do insiño. Para conquerilo están xustificados todos os meios. A todos se recurrirá, porque é preciso.

Namentras, o fato de estudantes de que falaba ó comenzo, os que tiveron a honra de marcar os pri-

meiros pasos na Universidade, serán os que xugándo todo leven a cabo a laboura que se impaxeron. A incompreñsion e cerrilidade dos profesores casteláns deron o chispazo. Empeza a loita e n-ila esixiremos un posto de avangarda até que consigamos a comreta galeguización da Universidade galega.


Francisco F. del Riego

## Pasando o cribo

Esse manifesto que firman vinte e cinco estudantes representativos da mais rexa e varil xuventude galega, ven a confirmar opinións que xa fai tempo tiñamos nós e que foron espalladas en varias vegadas n-esta folla de loita.

Nós tivemos decote fe na xuventude galega, xa que coidamos que sin o seu entusiasmo e a súa aitude valente, postas ao servizo dos ideais de liberdade, a nosa Terra seguirá sendo escrava dos asoballadores de Castela i esprotada inxustamente pol-os mesmos que naceron e viven no noso chan.

No tan soio a Universidade sinón todo o ensino galego, dende as escolas primarias hastra as normales, debe ser orientado cafilan-



## O CANTAR DE MARI-PEPA

CANTAN NA ESCOLA OS NENIÑOS  
O CANTAR DE MARI-PEPA  
E, POR VELOS, OS PARDAES  
AXEXAN BAIXO DAS TELLAS:

—A SERRIÑA, SERRA,  
TI, POLO MAR,  
I-EU POL-A TERRA.

CANTA, CANTA, MIÑA RULA;  
CANTA, CANTA, MARI-PEPA,  
O CANTARIÑO SINXELO,  
O CANTAR QUE SEMPRE EMPEZA:

—A SERRIÑA, SERRA,  
TI, POLO MAR,  
I-EU POL-A TERRA.

COLLEN A FILAZA OS NENOS  
E UNHA CRUS FIXERON D-ELA,  
E, MENTRAS UN TIRA OS LADOS,  
O OUTRO TIRA PR-AS PERNAS:

—A SERRIÑA, SERRA,  
TI, POLO MAR,  
I-EU POL-A TERRA.

CANTEMOS, CANTEMOS SEMPRE,  
NENOS DA PATRIA GALEGA,  
O CANTAR DA LIBERTADE,  
O CANTAR DE MARI-PEPA:

—A SERRIÑA, SERRA,  
TI, POLO MAR,  
I-EU POL-A TERRA!

do ao renacemento da nacionalidade prena de liberdade e dona enteiramente dos seus destínos.

E mester «facer montería nos lobos da Terra».

E mester remañar cos Novos Campelos e demáis desleigados.

\*\*\*

Fálase xa pouco do Estatuto e xa non nos parece doado que se poida levar a cabo o plebiscito pra súa aprobación entre o pobo galego. Na xuntanza de Compostela había algúns galegos ben intenzoados que fixeron a súa definición honrrada dos dereitos da Terra, pro tamén estaban alí os «enchufados» e os que teñen a súa conciencia e a súa alma vendidas aos cacique d'oxe, é contra eles non valen tolerancias nin cordialidades.

A autonomía da Galiza, que ven a ser unha certa parte da súa liberdade, non se pode conquistar en discusións nas queles toquen parte representantes de partidos políticos espúreos e alleos a Terra.

Nin os partidos políticos españoles, nin os gobernantes locais, aínda que sean n-los m- Galiza, ten nada que facer nas discusións do que soio a nosa Terra lle intresa.

\*\*\*

Falouse en Madrid de que o Ministerio de Obras Públicas vai

F. U. E. a dar unha conferencia no Paraninfo universitario. Alvaro de las Casas espuxo nun ton de outura e con beleza literaria a súa concepción do que significa unha Universidade. Na disertación nin un soio caderádego e sí un gran continxente de estudantes que rubricaron con afervoados aprausos a realidade das ideas verguidas. Pensando e falando en galego o conferenciante, fíxonos vivir unha esperanza que terá de realizarse en loita impracabre que hoxe comeza.

Os cadeirádegos, en superioridade numérica castelán, solicitaron a formación de expediente por supostas inxurias. Eu, representando ós estudantes na xunta de goberno da universidade, erguinme pra protestar rexamente da arbitrariedade e do atropello, e significar a solidariedade da masa estudiantil coa aitude baril do eximio profesor. Non se me quixo escoitar, pesie o meu xeito rebelde de comportarme. Seguidamente lanzamos un manifesto a rúa, facendo nosos os conceitos verguidos na disertación do Paraninfo. Orgaizamos un mitin escolar, e nil afirmamos a nosa postura de adhesión a Alvaro de las Casas. O divorcio existente entre nós e os profesores forasteiros. A indelicadeza do fillo do Presidente da República, rubricando en primeiro lugar, un escrito concebido en termos que estimá-bamos recusables. Significamos o que debe ser a uni-



destinar 60 millóns pra vías férreas na Hespaña.

Xa debemos supoñer que a Galiza lle tocará pouco, ou nada, no reparto d-esas pesetas, non embarcantes tér comenzados os traballos da ferrovía Zamora-Ourense-Sant-Iago, dos que tanto rebumbío se leva feito, servindo o asunto pra facer visitas e pregos inútiles aos políticos de Madri.

Temos diante dos ollos unha curiosa historia feita dende os primeiros trámites d-esa ferrovía, fai d-elo uns setenta anos, e poida ser que, si a Galiza non a fá, aínda se tardarán outros tantos e ollar correr o tren por ela.

\*\*\*

Teríamos que ocuparnos longamente da vida e laboura da Institución Cultural Galega de Bos Aires e de cómo o seu prestixio se fai máis grande cada día, tanto eiquí coma na Galiza, onde os seus froitos se fan ollar o través dos traballos do Seminario d'Estudos Galegos.

A «Cultural» naceu xa sendo combatida pol-os espíritus ruins da coledividade galega, pro a sua laboura crara e honrada foi arma d-abondo pra defenderse. Saíron dempois os desleigados e pretendidos «intelectualoides» de «Galicia» botando patrañas burdas ao ven-

de Ultraya» e o cair baixo o acocho da Federación da rua Belgrano, outra vegada fixeron a «Cultural» vítima dos seus aldraxes difiños de xentes sin vergonza a sin concencia.

Non se pode asegurar si con este terceiro, se terminarán os cativos intentos de perxudicar a entidade que mellor honra aos galegos d-Arentina, pro non estará de máis recordar que, frente a esas atitudes noxentas, son varias as sociedades galegas que prestan o seu apoio a «Cultural».

A derradeira notiza que temos sobor o asunto e que a «Nova Casa de Galiza» suscribeuse con cincuenta pesos por ano. E eso que se trata d-unha sociedade que non lle sobran os cartos.

**Noceda**



**O folleto do dia**

A Sociedade Nazionalista Pondal imprentou, pra conmemorar o centenario de Murguía, a conferencia pronunciada por Alvaro de las Casas no Paraninfo da universidade compostelá.

A Pondal que dará estensa difusión á conferencia do prestixioso director do instituto de Noia, contribuirá d'este xeito á que a re-

ALBISCAR. v. a. Acrarar, ouservar.

ALBITRO. s. m. Xuez ou xurado clexido pra soluzonar algún litixio.

ALBOIO. s. m. Cobertizo pra gardalo carro e demais apeiros de labranza.

ALBURGADA. s. f. Mintira disfrazada.

ALCAIATA. s. f. Peza de metal composta de gonzos, para xogo das portas, fenestras ou outras cousas.

ALDRABA. s. f. Anelo ou martelo de metal, que se pón nas portas pra chamar.

ALDRAXE. s. m. Ultraxe, inxuria, desprezo.

ALÉN. adj. Ao outro lado, mais alá, da outra parte, afora.

ALÉN-MAR. s. m. País d'alén o mar.

ALEVADO. adx. Tolo. Que tén perdido o xuício.

ALFACE. s. f. Leituga.

ALFAIATE. s. m. O que fai roupas d'home.

ALFANDEGA. s. f. Establecemento onde se pagan os dereitos d'entrada ou saída de mercaderías n-un estado.

ALFELIQUE. s. m. Craviño de metal con punta por un extremo e cabeza pol-o outro que serve pra suxeital-a roupa ou outra cousa.

ALFERGA. s. f. Anelo de metal que se pón na punta do dedo pra empuxal-a agulla ao coser.

ALFIESTRA. s. f. Olo da agulla.

ALGUEIRO. s. m. Rodeio, maneira indireita de dicil-as cousas.

ALIAS. adv. D'outro xeito.

ALIFAZ. s. m. Enfermedade hereditaria; defeito de sangue.

ALIMARIA. s. f. Animal perxudicial pra a caza. Fera.

ALMOFADA. s. f. Onde se apoia a cabeza cando se está no leito.

ALORADO. adx. Carregado de débedas.

ALOUMIÑAR. v. a. Agarimar, arrolar.

ALUGAR. v. a. Dar ou tomar algunha cousa pra facer uso d'ela, inciante o pagamento d'unha cantidade convida.

ALUMIÑAR. v. a. Aluncal-o entendimento. Inducir.

ALXABEIRA. s. f. Esmoleira. Carteira que levan os cazadores.

ALXENTE. adx. Apricase ás terras e mares qu'están dentro dos círculos polares. Frío en estremo, xiado.

(Proseguirá)

**Libros Galegos a Venda**

**Seminario d'Estudos Galegos.**  
Arquivos, Tomos 3.º, 3.º e 5.º ... .. \$ 1.20  
Arquivos, Tomo 4.º ... .. » 2.—

**Ramón Otero Pedrayo.**  
O Señores da Terra, Novela ... .. » 1.—  
O Estudante, Novela ... .. » 1.—  
A Maorazga, Novela ... .. » 0.80  
Arredor de si Novela ... .. » 0.80  
A Lagarada, Novela ... .. » 0.35  
Pelerinaxes, Viaxes ... .. » 2.—  
Romanticismo, Saudade, Sentimento da Raza, e da Terra en Pastor Díaz, Rosalía e Pondal. Estudo ... .. » 1.60  
Contos do camiño e da Rua ... .. » 0.80

**Amado Carballo.**  
Procl. Versos ... .. » 1.—  
O Galo, Versos (póstuma) ... .. » 1.20

**Vicente Risco.**  
O Porco de pe. Novela ... .. » 1.—  
O Bufón d'El Rey, Teatro ... .. » 0.35

**Gonzalo López Abente.**  
Vaosilveiro, Novela ... .. » 1.—  
Nemáncos, Versos ... .. » 1.—  
Escumas da Riveira, Versos ... .. » 1.—

**Antonio Villar Ponte.**  
Tríptico Teatral, Teatro ... .. » 1.20

**Antón Noriega Varela.**  
Como falan os brañegos ... .. » 0.80

**Ramón Cabanillas e A. V. Ponte.**  
O Mariscal, Teatro ... .. » 0.40

**Alvaro de las Casas.**  
A morte de Lord Stauler, Teatro ... .. » 0.50  
Tres Conversas, Teatro ... .. » 0.80  
Pancho de Rábade ... .. » 0.35

to, a a «Cultural» seguiu medrando e axudando o Seminario. Viñeron logo un fato de xentes cotíduo rechamante de «Lembranzas

lembranza de un dos grandes precursors do nazionalismo galego teña o significado que compre darlle.



**BOCABULARIO GALEGO**

Recopilado por Ricardo Flores.

(Proseguimento)

ADUBIO. s. m. O que serve pra sazoal-a comida e darlle bon sabor.  
AEITO. adv. Asegún saia. Sin escoller.  
AFASTAR. v. a. Arredar, alonxar.  
AFEIZON. s. f. Sentirse demerxi-do a algunha cousa.  
AFERES. s. m. pr. Empregos ou traballos. Todo canto sexa ouxeto de interés.  
AFERIR. v. a. Cotexal-as medidas ou pesos.  
AFEUTO, s. m. Sentimento d'amizade.  
AFINCADO. adx. Ardente, firme.  
AFIUZAR. v. a. Alumiñar fiuza a outro.  
AFOTO. adx. O que se antusiasma, que traballa con ánsa en procura de acadar proveito.  
AFOUTADO. adx. Estrevido, valente, resolto.  
AFROADO. adx. Louzán. Qu'en pouco tempo adequiriu moita robusteza.  
AGARIMOSO. adx. Tenro, sensíbel, amábel, proteitor.

AGAS. adv. Esceito, senón, a non ser que.  
AGASALLO. s. m. Ousequio Mostra d'agarimo ou estima.  
AGLAIO. s. m. Estupefaiito, pampo.  
AGOIRO. s. m. Presaxio, presentimento.  
AGRADESCER. v. a. Espór mostra de gratitude.  
AGUIA. s. f. Ave de rapiña.  
AGUDO. adx. Vivo d'inxenio.  
AGURGULLAR. v. n. Hacer gurgullos a auga.  
AGURRAR. v. a. Animal-o gando con voces n-algún pasaxe mao.  
AI. adv. N-ese lugar.  
AIA. s. f. Muller encarregada da crianza e do coido d'un neno.  
AIRADO. adx. Lixeiro, de pouca pesaxe.  
ALABARDA. s. f. Ponta da cana do mainzo cando está na frol.  
ALBAR. adx. Branco, craro. Ce-do, adiantado. Froito que madurece anticipadamente. Pedra do muiño do trigo.  
ALBEIRO. adx. Branco. Pan albeiro.

**Alfonso R. Castelao.**  
Cousas, Tomo II ... .. » 1.20  
As Cruces de Pedra na Breña ... .. » 1.20  
Cincoenta homes por dez reais ... .. » 1.—

**Armando Cotarello Valedor.**  
Cancionero da Agulla. Cantares de xastres e costureiras ... .. » 1.—  
Beiramár, Teatro ... .. » 0.60  
Mourzena, Teatro ... .. » 0.35

**Roberto Blanco Torres.**  
Orballo da Media Noite, Versos ... .. » 0.80  
A volta do Bergantiñán, Versos ... .. » 0.20

**Julio Sigüenza.**  
Cantigas e verbas ao ár. Versos ... .. » 0.80

**Manoel Antonio.**  
De Catro a Catro, Versos ... .. » 0.60

**Evaristo Correa Calderón.**  
Margarida a da sorrisa d-aurora, Novela ... .. » 0.20

**F. Porto Rey.**  
A tola de Sobran, Teatro ... .. » 0.35

**R. Carballo Calero.**  
Vicíros, Versos ... .. » 0.80

**Euxenio Montes.**  
Versos a tres cás o neto. Versos ... .. » 1.20

**Aurelio Ribalta.**  
O derradeiro amore, Novela ... .. » 0.40

**M. Leiras Pulpeiro.**  
Obras, tomo I, Versos ... .. » 1.20

MERQUE LIBROS GALEGOS, ESTAN A VENDA NA PONDAL.

**Reparto de Bizcoitos a Vainilla**  
**Especialidade en Budín Inglés**  
CAMELOS E BOMBONS  
**URBANO HERMIDA**  
GAONA 86 U. T. 60 - 236